

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello da Baña recordándolle que tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

Expediente: N.9.Q/5368/22

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX, na súa condición de concelleiro e portavoz do Grupo Municipal XXX do Concello da Baña.

ANTECEDENTES

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que no pleno ordinario do mes de xullo solicitaran copia da seguinte documentación.

- . Copia do informe de servizos sociais que xustifica a entrega dos paquetes repartidos no Nadal, así como o listado das persoas que o recibiron.
- . Convenio coa Asociación da Filloa da pedra.
- . Gastos asumidos polo concello na Festa da Filloa 2022.
- . Gastos asumidos polo Concello na Festa do Entroido.
- . Valoracións dos camiños desfeitos polas empresas madeireiras.

Indicóuselles desde a Alcaldía que solicitaran unha data para poder revisar dita documentación. O día 29 de xullo, presentaron un escrito solicitando a asignación dun día en horario de 10 a 12, para acudir ao Concello a revisar a dita documentación, pero a solicitude non foi resolta no prazo de 5 días conferido pola normativa de aplicación.

No informe achegado pola Administración sinálase que a queixa se refire a varios temas que se faloron no último pleno ordinario do mes de xullo. As preguntas formuladas nese pleno, foron, segundo consta na acta, contestadas cada unha delas polo equipo de goberno.

No tema dos servizos sociais, foi a traballadora social quen informou detalladamente de tódolos asuntos relacionados cos servizos sociais. Sobre os temas de gastos, tanto de Entroido como da Festa da Filloa, deuse cumprida resposta para que falase cos servizos de Tesourería e Intervención e puidose comprobar os datos no servizo correspondente. Sobre

a avaliación feita dos camiños desfeitos polas empresas, sinala o informe que non consta que se dirixira á Alcaldía para dicir nada sobre este asunto, malia que se lle comentou no pleno que existía unha carpeta coas valoracións feitas.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Nin da queixa nin do informe cabe comprobar unha actitude entorpecedora do dereito de acceso á información municipal que teñen todos os representantes electos na corporación. De feito, a información foille trasladada por distintas canles ao portavoz do Grupo Municipal XXX.

Porén, trátase en todos os casos dun acceso non formalizado cando a lexislación establece un amplo dereito de acceso á documentación e uns prazos en días naturais para resolver sobre a solicitude, tal e como lembra o escrito de queixa.

Nun concello do tamaño de A Baña os contactos informais na Casa do Concello son sinxelos e poden ser frecuentes pero estes contextos informais en conversas ou consultas orais non se axustan ao preceptuado na lei, que se refire á obriga de ditar resolución ou acordo sobre a solicitude, e de motivar adecuadamente a denegación do acceso, no seu caso.

O artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local establece que:

“Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado”.

O artigo 14 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que:

“1.Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. *A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no prazo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.*

3. *En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa haberá de facerse a través de resolución ou acordo motivado”.*

Neste senso, é preciso distinguir entre a petición de acceso á información e a formalización do acceso, é dicir, a posta a disposición da información solicitada. A normativa referida (LBRL e ROF) só contempla e regula a petición ou solicitude de información pero non a súa posta a disposición. A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno na Disposición Adicional 1ª establece que:

“Rexeranse pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información”.

Dado que, como xa quedou exposto, a LBRL non regula a posta a disposición da información solicitada polos concelleiros dunha corporación local senón so á solicitude da correspondente información, entendemos que procede a aplicación supletoria da Lei 13/2013, que neste senso recolle no artigo 22 “*que cando non poda darse o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días*”. O que supón que, estimada a solicitude de información, esta deberá ser facilitada ao solicitante, na medida en que sexa posible, no momento da notificación da resolución da solicitude ou, se non fora factible, nun prazo non superior a dez días.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello da Baña o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado.

Cando non poda facilitarse a información no momento da notificación da resolución de solicitude da mesma, deberá facilitarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo